

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE MAIO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/940/2008.- HABITAT QUATRO SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA DE VIVENDAS, S. L.- Conceder licenza para construción dun edificio de 32 vivendas VPA con garaxe e trasteiro en Castiñeiriño SUNP 11 Bloque BB4.

LAP/477/2017.- COMPOSTELANA DE TRANSPORTES, S. G. U.- Conceder licenza de obras para construción dunha nave para centro de distribución de transportes e oficinas na rúa Murcia (de), 5.

LAP/61/2019.- VICENTE ROMERO TOURÍS.- Conceder licenza de obras de reforma de local destinado á venda e reparación de electrodomésticos na rúa José Pastor Horta, nº 2 – baixo e entrechán.

LAP/398/2013.- MARÍA DEL CARMEN ALVITE LAGO.- Conceder licenza de obras reforma interior de edificio de 3 plantas e baixo cuberta para apertura de pensión de 3 estrelas en rúa de Abril Ares nº 6.

LIC/273/2019.- ANGELINO VICTORIANO VIEITO TURNES.- Conceder licenza de obras para instalación dun ascensor no edificio de vivendas situado na rúa das Rodas nº 9.

LIC/1816/2018.- MANUEL PEREIRA SALVADO.- Conceder licenza para a legalización de execución de porches laterais e trasteiro e demolición de porche dianteiro no lugar de A Devesa nº 37.

LIC/188/2018.- ANTONIO LAMAS LAMAS.- Conceder licenza para executar obras de elevación de cuberta e ampliación de oco de fiestra na vivenda unifamiliar situada na rúa Vite de Abaixo nº 28.

LIC/1902/2018.- CONSTRUCCIÓN REHABILITACIÓN E REFORMAS SLU.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación de ascensor dun edificio de vivendas situado na rúa García Prieto, 10 – 12.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para construción dun edificio de 32 vivendas VPA con garaxe e trasteiro en Castiñeiriño, SUNP 11 Bloque BB4. LIC/940/2008. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para construción dunha nave para centro de distribución de transportes e oficinas na rúa Murcia (de), 5. LAP/477/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras de reforma de local destinado á venda e reparación de electrodomésticos na rúa José Pastor Horta, nº 2 - baixo e entrechán. LAP/61/2019. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras de reforma interior de edificio de 3 plantas e baixo cuberta para apertura de pensión de 3 estrelas en rúa de Abril Ares nº 6. LAP/398/2013. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras para instalación dun ascensor no edificio de vivendas situado na rúa das Rodas nº 9. LIC/273/2019. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a legalización de execución de porches laterais e trasteiro e demolición de porche dianteiro no lugar de A Devesa nº 37. LIC/1816/2018. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de elevación de cuberta e ampliación de oco de fiestra na vivenda unifamiliar situada na rúa Vite de Abaixo nº 28. LIC/188/2018. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación de ascensor dun edificio de vivendas situado na rúa García Prieto, 10 - 12. LIC/1902/2018. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á transmisión da licenza de taxi número 145, da titularidade de "HDROS MTNEZ NIETO, CB", a favor de dona SONIA MARTÍNEZ PUMAR. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adhesión do concello de Santiago de Compostela ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias. Apróbase a adhesión do Concello de Santiago ao convenio que ten por obxecto instrumentar a cooperación entre a Xunta, a través da Consellería do Medio Rural, SEAGA e a FEGAMP cos concellos, mediante o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nos montes e terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, especialmente dos terreos forestais que estean preto dos núcleos de poboación. Trátase de asegurar a súa retirada con anterioridade á época de perigo de incendios polas persoas titulares das parcelas, así como, no caso de incumprimento destas obrigas esenciais, asegurar a súa execución subsidiaria a través de procedementos áxiles por parte das administracións públicas.

12.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á devolución de fianza de "Servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal do Concello de Santiago de Compostela". CON/19/2016. Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Administración, en funcións, relativa á devolución de fianza de "Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maiores 2018". CON/9/2018. Apróbase a proposta.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa ao nomeamento de membros do xurado do XII Premio Internacional "COMPOSTELA" para Álbums Ilustrados. Apróbase o nomeamento, como membros do xurado, de Nazaré de Sousa, Noemí Villamuza, Xośe Cobas, José Morán Orti, Manuela Rodríguez e Manuel Dios.

15.- Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta.

16.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á corrección de erro no punto nº 40 da sesión de 10.5.19, relativo á aceptación da concesión de subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación temporal de desempregados/as, correspondente ao exercicio 2019. Apróbase a proposta.

17.- Proposta da concelleira delegada de Deportes, Benestar Animal, Mocidade e Mercados relativa á corrección de erro no punto nº 35 da sesión de 26.4.19, relativo á prórroga do contrato coa Sociedade Mixta Xade SL, para a xestión do Multiusos Fontes do Sar. Apróbase a proposta.

18.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal Vacacións en Paz 2019. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á execución da sentenza 55/2019 do xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Santiago, recurso de Autobuses Urbanos de Lugo SA e TRAPSA de liquidación do servizo de transporte urbano 2015. Recoñécese a obriga por importe de 136.732,08 euros a empresa Autobuses Urbanos de Lugo SA y TRAPSA UTE, en cumprimento da citada sentenza, que estima parcialmente o recurso interposto pola empresa contra a desestimación por silencio do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno de 23-06-2016 polo que se aprobou, con carácter provisorio, a liquidación do servizo de transporte urbano correspondente ao ano 2015.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á execución da sentenza 47/2019 do xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Santiago, recurso de Autobuses Urbanos de Lug SA e TRAPSA de liquidación do servizo de transporte urbano 2012. Recoñécese a obriga por importe de 126.343,16 euros á empresa Autobuses Urbanos de Lugo SA e TRAPSA en cumprimento da citada sentenza, que estima parcialmente o recurso interposto pola empresa contra a desestimación por silencio do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno de 02.05-2013 polo que se aprobou, con carácter provisorio, a liquidación do servizo de transporte urbano correspondente ao ano 2012.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á participación na primeira fase do POS+Adicional 2019 da Deputación da Coruña. Acórdase participar na primeira fase do POS+ Adicional de 2019 da Deputación da Coruña, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos seguintes investimentos financeiramente sostibles:

_Reparación e consolidación da Ponte de Vidán de Abaixo:447.065 euros

_Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da rúa de Santa Teresa de Jornet: 219.106,27 euros

_Parque infantil en Coto dos Olmos: 56.774,86 euros

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á corrección de erro no punto 50 da sesión da Xunta de Goberno de 26.4.19 relativa á ampliación do prazo de execución das obras de ampliación do patio e dotación do parque infantil do CEIP Quiroga Palacios. Corríxese o erro de maneira que onde dicía “ampliar en dous meses o prazo para a execución das obras” debe dicir “ampliar en tres semanas o prazo para a execución das obras”

5.-Proposta do concelleiro delegado de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza para responder do contrato de servizo de xestión e desenvolvemento das escolas municipais de verán 2017, programa municipal de conciliación do departamento de Educación e Cidadanía. Apróbase a proposta.

6.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da contratación do concerto “Proxecto Lorca Namorado”, o 30 de maio na Praza da Quintana. Apróbase a proposta.

7.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do expediente de execución de sentenza PO 4387/1991 das obras de reposición de legalidade da rúa García Prieto 9/11, gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase a execución da sentenza e a apertura do procedemento de adxudicación das obras mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 284.220,28 euros, IVE incluído.

8.-Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á prórroga do contrato de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes. Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa CESP, polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xuño de 2019.

9.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á reactualización do proxecto SMARTIAGO e addenda ao convenio entre o Concello de Santiago e o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades para dito proxecto, cofinanciado con fondos FEDER. Apróbase a proposta.

10.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación das actividades e gastos para a implantación das medidas do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, ao abeiro da resolución de transferencias para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no dito acto, a executar en 2019. Apróbase a programación de actividades, polo importe total de 18.051,08 euros. Desda cantidade, 10.791,08 euros serán para a implementación do punto lila das Festas da Ascensión 2019; e 7.260 euros serán para a creación, produción e edición dun documento audiovisual contra as agresións machistas, dirixido á mocidade do Concello de Santiago.

11.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á iniciación do procedemento e aprobación da convocatoria de concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares para alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos, de 2º ciclo de Educación Infantil e Primaria obrigatoria, para o curso 2019/2020. Apróbase a convocatoria, á que se destina un orzamento de 600.000 euros.

12.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación definitiva do expediente de expropiación para a execución do Plan Especial 7-R de Protección e Acondicionamento do Parque Arqueolóxico da Rocha. Apróbase o proxecto por un importe total de 195.143 euros, coas modificacións de titularidade, superficie e valoración derivadas do proceso de alegacións.